

Garrulus glandarius (Linnaeus, 1758)

	gaio, pega marza
	arrendajo euroasiático
	eskinosoa
	gaig
	eurasian jay
	gaio-comum



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS

Peso	170 g
Lonxitude	32-35 cm
Envergadura	54-58 cm

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Passeriformes	Corvidae	<i>Garrulus</i>

ALIMENTACIÓN

En primavera/verán consume sobre todo insectos; en outono/inverno, sementes e froitos.

COMPORTEMENTO

Trátase dunha ave sedentaria, pero que pode realizar certos movementos de curtas distancias en invernos especialmente fríos cara zonas máis temperadas. É tamén polo xeral solitario, movéndose en parella todo o ano excepto en verán onde se moven en grupos familiares. A finais de inverno tamén poden formar grupos concurridos que fan moito ruído.

REPRODUCCIÓN

Celo dende abril. Unha soa posta ao ano, que consta de 4-8 ovos de cor verdosa incubados pola femia durante 16-18 días. Os polos voan pasados 19-23 días.

HÁBITAT

Zonas aclaradas e bordes de masas forestais de caducifolias a coníferas.

DISTRIBUCIÓN

Ampla distribución paleártica, dende o norte de África ata Xapón pasando por boa parte de Eurasia. Evita as zonas boreais e as máis áridas do sur.

CURIOSIDADES

Esta especie realiza acopio de alimento durante o outono-inverno, principalmente de landras que oculta para responder a períodos de escaseza de alimento no futuro.

En Galicia aparece *Garrulus glandarius* subsp. *lusitanicus*.